






*ECONOMÍA SOCIAL
DE GALICIA*
Informe de actividades
ano 2021



Consellería Emprego e Igualdade

XUNTA DE GALICIA

CONTIDO DO INFORME

	<i>A ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA</i>	03
	<i>A REDE EUSUMO</i>	06
	<i>AXUDAS</i>	14
	<i>DESTACADOS</i>	19
	<i>RESUMO</i>	23

ESg

A ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA

“Conxunto de actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, levan a cabo entidades que perseguen, ou ben o interese colectivo das persoas que as integran, ou ben o interese xeral económico ou social, ou ambos, mostrándose día a día como un actor fundamental no desenvolvemento da sociedade actual.”

A economía social en Galicia está regulada pola Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia.

Forman parte da economía social de Galicia:

- **AS SOCIEDADES COOPERATIVAS**
- **AS SOCIEDADES LABORAIS**
- **OS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO**
- **AS EMPRESAS DE INSERCIÓN**
- AS SOCIEDADES AGRARIAS DE TRANSFORMACIÓN
- AS COMUNIDADES E MANCOMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN
- AS CONFRARÍAS DE PESCADORES
- AS MUTUALIDADES
- AS FUNDACIÓNS E AS ASOCIACIÓNS que levan a cabo actividade económica

A economía social galega en cifras

SOCIEDADES COOPERATIVAS

1.571 activas

135 constituídas

443 persoas socias promotoras

SOCIEDADES LABORAIS

1.448 activas

28 constituídas

78 persoas socias promotoras

CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO


117 activos

10 constituídas

EMPRESAS DE INSERCIÓN

14 activas

01 constituídas



Cooperativas e sociedades laborais *en cifras*

COOPERATIVAS

1.571 activas

135 foron constituídas 2021

98

constituídas con 2 persoas socias



37

constituídas con 3 ou máis persoas socias



por 443 persoas socias promotoras



47,40 %

homes



50,79 %

mulleres



1,81 %

persoas xurídicas

SOCIEDADES LABORAIS

1.448 activas

28 foron constituídas 2021

13

constituídas con 2 persoas socias



15

constituídas con 3 ou máis persoas socias



por 78 persoas socias promotoras



57,69 %

homes



42,31 %

mulleres



A REDE EUSUMO

Que é?

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Xunta de Galicia para o fomento e o desenvolvemento da economía social creada en 2012.

OBXECTIVOS

- 1** Fomentar o espírito emprendedor a través da economía social.
- 2** Prestar apoio directo á creación e á consolidación de emprego con base na economía social.
- 3** Impulsar o modelo empresarial no ámbito local.



Quen forma parte da Rede?

86 entidades socias



* As entidades co convenio anterior ao ano 2018 e que non teñan asinado o convenio adaptado á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, perderon a súa condición de socios da Rede Eusumo. No caso de estar interesadas na pertenza á rede deberán volver a solicitar a súa adhesión.



Que hacemos?





Asesoramento e acompañamento

A Rede Eusumo ten un compromiso coas persoas emprendedoras que queren apostar por proxectos de economía social.

Neste sentido a Rede:

- Traballa na **maduración de ideas e modelos de negocio de economía social**.
- **Asesora e acompaña** proxectos de economía social.
- Impulsa o **salto de escala en empresas de economía social**.

Cifras:





Formación

A Rede Eusumo procura a formación en economía social para mellorar as capacidades técnicas do persoal das entidades do sector e así favorecer a súa competitividade.

Neste sentido conta cun amplo catálogo formativo que combina a formación presencial, en liña e semipresencial en materias como:

- Xestión de proxectos
- Internacionalización
- Ferramentas innovadoras
- Marketing dixital
- Finanzas
- Comunicación
- Habilidades directivas
- ...

Cifras:





Actividades divulgativas

No seu labor de fomento da economía social en Galicia, a Rede impulsa actividades de difusión, promoción dos seus valores e divulgación das oportunidades de emprendemento que ofrece este sector.

Ademais, a Rede Eusumo traballa na promoción da economía social entre persoal docente, axentes de emprego e de emprendemento e outros colectivos interesados.

Outras das actividades promovidas son as vinculadas coa divulgación da economía social e os seus valores nos centros educativos e formativos de Galicia, tanto de educación primaria como universitaria e de formación profesional.

Cifras:





Comunicación e documentación

A comunicación da economía social é un dos obxectivos centrais da Rede Eusumo. Ademais da difusión a través das redes sociais, trabállase na xeración de recursos e contidos didácticos, informativos e audiovisuais para promover e dar a coñecer a economía social.

Dende as canles da Rede Eusumo, difúndense **as novidades máis recentes** coma convocatorias de axudas, entrevistas, actividades divulgativas realizadas e diversos eventos, premios e certames de economía social así como **actividades formativas** que se atopan activas.

Redes sociais

- 14.629 seguidores
- 2.423 publicacións
- 1,2 M impresións e visualizacións

Boletín informativo

- 1.290 persoas subscritas
- 51 publicacións no 2021

Recursos divulgativos

- 6 entrevistas
- 6 outros recursos



Participación en feiras

A Rede Eusumo organiza ou participa noutros actos e feiras co obxectivo de darlle maior difusión e promoción ao cooperativismo e á economía social, e facilita a asistencia conxunta das entidades de economía social que o soliciten.

1

Festicoop -a feira das cooperativas-

Ponteceso (A Coruña), o 4 de setembro

2

Salimat. Salón de alimentación del atlántico

Silleda, do 3 ao 5 de setembro
12 empresas de economía social expositoras

3

Pont-Up Store 2021

Pontevedra, do 24 ao 25 de setembro

4

Mostra virtual "Préndete da economía social 2021"

Santiago de Compostela, 27 de outubro
4 empresas de economía social participantes no panel
4 empresas de economía social expositoras

5

22º Salón Internacional de Turismo Gastronómico Xantar 2021

Ourense, do 3 ao 7 de novembro
08 empresas de economía social expositoras

6

Mostra do Posible

Cangas, o 25 e 26 de novembro

7

XIV Ed. da Feira das Industrias Culturais Culturalgal

Pontevedra, o 26 e 28 de novembro



ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA

A Consellería de Emprego e Igualdade fomenta a economía social a través de diversos apoios económicos, dirixidos fundamentalmente á posta en marcha, funcionamento e creación de emprego en cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción, así como á realización de actividades de promoción e impulso do cooperativismo e da economía social levadas a cabo por entidades colaboradoras da Rede Eusumo.





Axudas para o fomento da economía social en Galicia

PROGRAMA APROL ECONOMÍA SOCIAL (DOG 08/02/2021)

É o principal instrumento regulador de subvencións dirixidas ao emprego e ao emprendemento colectivo en cooperativas e sociedades laborais.

SUBVENCIONS ÁS EMPRESAS DE INSERCIÓN (DOG 12/02/2021)

A súa finalidade é promover a inserción sociolaboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social co establecemento de medidas de fomento das empresas de inserción de Galicia.

BONO CONSOLIDA ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL (DOG 18/08/2021)

Plurianual 2021/2022

Apoiar a consolidación das entidades da economía social de Galicia co fin de remediar a grave perturbación que na economía galega provocou o brote da Covid-19.

Crédito da convocatoria (ampliado)
4.614.443,92 €

Solicitudes presentadas: 579

Solicitudes aprobadas: 474

Importe concedido: 4.685.063,42 €

Crédito da convocatoria (ampliado)
1.025.000,00 €

Solicitudes presentadas: 29

Solicitudes aprobadas: 28

Importe concedido: 968.290,80 €

Crédito da convocatoria
2.875.000,00 €

Solicitudes presentadas: 161

Solicitudes aprobadas: 141

Importe concedido: 1.320.638,02 €

Axudas para o fomento da economía social en Galicia

AXUDAS A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO (DOG 20/08/2021)

Crédito da convocatoria (ampliado)
22.307.888,00 €

Ten por obxecto garantir a empregabilidade das persoas con discapacidade, a través dos seguintes programas:

Programa I: Apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste de persoal e social dos CEE

Programa II: Axudas para a creación de postos de traballo estables, adaptación de postos e asistencia técnica para os CEE

Programa III: Axuda ao financiamento parcial do custo salarial das persoas con discapacidade empregadas nos CEE

Solicitudes presentadas: 348

Solicitudes aprobadas: 339

Importe concedido: 21.597.867,81 €

AXUDAS PARA O REEQUILIBRIO FINANCEIRO DOS CEEIS E EIL AFECTADAS POLA COVID-19 (DOG 17/02/2021)

Crédito da convocatoria (ampliado)
1.000.000,00 €

Consolidar os postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social a través do equilibrio e reestruturación financeira dos centros especiais de emprego de iniciativa social (CEEIS) e das empresas de inserción laboral (EIL)

Solicitudes presentadas: 11

Solicitudes aprobadas: 9

Importe concedido: 172.721,85 €

Axudas para o fomento da economía social en Galicia

AXUDAS Á REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL POR ENTIDADES SOCIAS DA REDE EUSUMO (DOG 21/01/2021)

Plurianual 2021/2022



Estas axudas están orientadas a fomentar a realización de actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social por parte das entidades socias da Rede Eusumo.

Crédito da convocatoria:
634.000,00 €

Solicitudes presentadas: 34
Solicitudes aprobadas: 26
Importe concedido:
630.189,36 €

AXUDAS PARA GASTOS DE FUNCIONAMIENTO DE ENTIDADES ASOCIATIVAS DA ECONOMÍA SOCIAL (DOG 21/01/2021)



Establecer as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións destinadas a sufragar os gastos de organización interna e funcionamento de entidades representativas da economía social.

Crédito da convocatoria
300.000,00 €

Solicitudes presentadas: 9
Solicitudes aprobadas: 7
Importe concedido:
294.331,95 €

CONVENIO CO FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA



Ten por obxecto promover a visibilización e o fomento da participación da economía social durante o ano 2020.

Importe:
60.000,00 €



Axudas para o fomento da economía social en Galicia

APOIO Á RECUPERACIÓN DE NEGOCIOS EN CRISE OU SEN RELEVO XERACIONAL MEDIANTE AS FÓRMULAS DE ECONOMÍA SOCIAL (DOG 18/08/2021)

Plurianual 2021/2022

A axuda está orientada á recuperación de negocios en crise ou sen remuda xeracional, mediante formulas de economía social, axudando a remediar a perturbación provocada pola COVID-19 e impulsar a actividade económica.

Crédito da convocatoria:
2.500.000,00 €

Solicitudes presentadas: 6

Solicitudes aprobadas: 1

Importe concedido:

51.591,91 €

Táboa resumo das axudas para o fomento da economía social

AXUDAS 2021	Solicitudes aprobadas	Importe aprobado	Importe concedido
PROGRAMA APROL ECONOMÍA SOCIAL	474	€ 4.614.443,92	€ 4.685.063,42
SUBVENCIONES ÁS EMPRESAS DE INSERCIÓN	28	€ 1.025.000,00	€ 968.290,80
BONO CONSOLIDA ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL (PLURIANUAL 21-22)	141	€ 2.875.000,00	€ 1.320.638,02
AXUDAS A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO	339	€ 22.307.888,00	€ 21.597.867,81
AXUDAS PARA O REEQUILIBRIO FINANCEIRO DOS CEEIS E EIL AFECTADAS POLA COVID-19	9	€ 1.000.000,00	€ 172.721,85
AXUDAS Á REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL POR ENTIDADES SOCIAS DA REDE EUSUMO	26	€ 634.000,00	€ 630.189,36
AXUDAS PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE ENTIDADES ASOCIATIVAS DA ECONOMÍA SOCIAL	7	€ 300.000,00	€ 294.331,95
CONVENIO CO FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA	-	€ 60.000,00	€ 60.000,00
APOIO Á RECUPERACIÓN DE NEGOCIOS EN CRISE OU SEN RELEVO XERACIONAL MEDIANTE AS FÓRMULAS DE ECONOMÍA SOCIAL (PLURIANUAL 21-22)	1	€ 2.500.000,00	€ 51.591,91
TOTAL	1.025	€ 35.316.331,92	€ 29.780.695,12



Destacados na economía social en Galicia

MULLERES NA ECONOMÍA SOCIAL

A Dirección Xeral de Emprego, Traballo e Economía Social apostou, un ano máis, por **homenaxear ás mulleres da economía social co gallo do 8 de marzo**.

A igualdade de oportunidades entre homes e mulleres é un dos fundamentos da economía social polo que cada ano para promover o **Día Internacional da Muller** contase coa participación das mulleres que forman parte dela.

Este ano na campaña enfocada en **amosar o empoderamento feminino** colaboraron algunhas das mulleres que traballan nas seguintes entidades de economía social:

- Artigo 14, S.C.G
- SomosTerra, S.C.G Xuvenil
- Unión de Cooperativas EspazoCoop
- Asociación Ambar das persoas con diversidade funcional
- Fundación Érguete Integración
- Cormo Integral Empresa de Inserción
- Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G que comercializa coa marca Paco & Lola



Accede á información en detalle a través da imaxe

A campaña púidose seguir nas redes sociais no cancelo #MulleresNaEconomíaSocial



Destacados na economía social en Galicia

PROGRAMA MEDRANDO XUNTAS 2021

Este ano tivo lugar a **5ª edición do programa formativo Medrando Xuntas**, dirixida a fomentar o talento feminino nas entidades de economía social.

Como cada ano, o programa constou de **dous itinerarios diferentes**, un para mulleres con responsabilidades de goberno e dirección e outro para socias e traballadoras.

En ambos casos os contidos organizáronse en áreas temáticas vinculadas á xestión das organizacións e ás habilidades persoais, adaptados aos diferentes perfís das destinatarias.

Este ano participaron un total de 38 mulleres.



Accede á información en detalle a través da imaxe

O Pazo de Baión da Adegas Condés de Albarei S.C.G acolleu o IV Foro de Medrando Xuntas, converténdose nun espazo de conversa no que participou a conselleira María Jesús Lorenzana para conversar sobre os retos, os desafíos e as oportunidades que as mulleres teñen no seu desenvolvemento profesional.



Destacados na economía social en Galicia

DIÁ DO COOPERATIVISMO, 3 DE XULLO 2021

Reconstruír, mellor xuntos. Este foi o lema internacional escollido para a celebración do Día Internacional do Cooperativismo 2021 que como cada ano se celebrou durante o primeiro sábado do mes de xullo. O cooperativismo galego súmase unha vez máis á consigna internacional que, poñendo o foco na saída da crise sanitaria, salienta que para a recuperación é necesaria a cooperación.



Accede á información en detalle a través da imaxe

Esta volta o cooperativismo galego reuniuse na entidade Aira, S.C.G, en Taboada, o sábado 3 de xullo ás 12:00 horas.

Na gala, que estivo dirixida por Patricia Santana, xornalista limiá, fixéronse entrega dos seguintes premios:

- **Cenlitrosmetrocadrado S.C.G;** galardoada có premio ao mellor proxecto empresarial cooperativo novo.
- **Catro Ventos editora; S.C.G;** recibiu o premio aos valores cooperativos.
- **Produtores de Campo de Capela, S.C.G;** premiada na categoría á traxectoria cooperativa.

Así mesmo entregáronse os premios a Proxectos Empresariais Cooperativos do Certame Cooperativismo no Ensino 2021 na modalidade para centros de FP e de ensinanzas de réxime especial nos que foron premiados o **I.E.S Manuel Antonio** e co accésit a **CPR Colexio Mendiño**, ambas situadas en Vigo.

Na gala, que tamén se retransmitiu en directo polas canles de difusión da Rede Eusumo, tiveron lugar diferentes actuacións, o humor viu da man da youtuber e blogueira rural 'Chola' unha personaxe creada pola compañía Artesacía e interpretada pola actriz Laura Villaverde e ao remate do acto tivo lugar o concerto Fransy, Davide e Cibrán.



Destacados na economía social en Galicia

) PUBLICACIÓN DO CATÁLOGO GALEGO DE ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL

Desde a Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social lanzouse no mes de maio o **Catálogo de entidades e empresas de economía social de Galicia**, que responde non só a un mandato legal, senón que ten como obxectivo presentar unha imaxe real e pormenorizada da tipoloxía de entidades existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Este Catálogo recolle información relevante sobre todas as entidades que forman parte da economía social en Galicia axudando a dar visibilidade á economía social e a súa aportación á sociedade galega.

Cumpre resaltar que ademais dos datos proporcionados polos diferentes rexistros autonómicos, as propias entidades poden cambiar, engadir ou actualizar os seus datos de contacto, comerciais ou de actividade.

Para a Xunta, a economía social é un motor de crecemento económico sostible, que crea emprego de calidade, integrador, centrado nas persoas e asentado no territorio. Trátase dun modelo económico en crecemento en Galicia que representa en torno ao 7% do PIB. Conta cunha maior capacidade de resistencia en épocas de crises e está a xogar un papel cruce á hora de mitigar o impacto que a covid-19 está a xerar.

Accede ao novo
Catálogo de entidades
de economía social de Galicia



www.catalogoeconomiasocial.gal

Accede á información en detalle a través da imaxe

RESUMO DE RESULTADOS

ESg A ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA

Cooperativas

1.571 activas
135 constituídas

Sociedades laborais

1.448 activas
28 constituídas

Centros especiais de emprego

117 activos
10 constituídas


Empresas de inserción

14 activas
01 constituídas

REDE EUSUMO

 **87** Entidades socias

 **180** proxectos asesorados e titorizados
28 constituídas en entidades de ES
287 persoas titorizadas

 **80** cursos formativos
1.055 alumnos e alumnas

 **74** actividades divulgativas
1.372 participantes

 **Redes sociais**
14.629 seguidores
2.423 publicacións
1,2 M impresións e visualizacións

AXUDAS

AXUDAS

35.316.331,92 €

Orzamento das convocatorias

29.780.695,12 €

Importe concedido



DESTACADOS

- ❖ Mulleres na economía social 2021
- ❖ Programa Medrando Xuntas 2021
- ❖ Día do Cooperativismo
- ❖ Publicación do catálogo galego de entidades de economía social



Consellería Emprego e Igualdade



eusumo.emprego@xunta.gal
www.eusumo.gal